

Steven Meisel 1993 Un ano en fotografías

Steven Meisel é un dos fotógrafos de moda máis importantes da súa xeración.

Tras comezar no mundo da ilustración, feito ao que lle atribúe o seu bo ollo gráfico, Steven obtivo a súa primeira oportunidade como fotógrafo cando un dos axentes de Elite Model Management invitouno a fotografar a algúns dos seus modelos.

Ao crecer nos anos 60 e 70 do século pasado en Nova York, era moi consciente das revolucións estilísticas que tiñan lugar no mundo da moda, da música e da arte. Era a época de Warhol y de The Factory, dos acontecementos, un momento para coller una cámara, facer unha Polaroid e captar o que estaba a acontecer. No caso de Steven, iso supuxo faltar á escola para localizar e fotografar modelos na rúa.

“Adoitaba facelo moito. Eu ía a escola na rúa 57th Street. Non sei como, pero eu sempre tiña unha Instamatic comigo. Nova York parecía pequena e, por aquel entón, vías modelos por todas partes. Non era doado pasalas por alto”. Un pequeno grupo de fotografías deses días nas rúas actúa como antesala da exposición principal.

1993

1993 ... As cousas que máis adiante sucederán inda non tiveran lugar. Moi poucas persoas teñen teléfonos móbiles, a Internet aínda está na súa infancia e estamos a unha década de distancia de Facebook, Instagram, YouTube e o iPhone. E Steven Meisel, quen o ano pasado completou Sex, a súa brillante colaboración con Madonna, está listo para embarcarse nun verdadeiro bombardeo de creatividade. Durante 12 meses, entre outras cousas, fará as fotografías de 28 portadas para Vogue xunto con 100 historias editoriais, incluído un especial de 60 páxinas sobre moda masculina para Per Lui. As súas imaxes de homes foron innovadoras: ninguén nese momento retrataba aos homes como o facía Steven.

1993 foi un momento de inspiración para Steven. “Eu necesito inspirarme na roupa que é xenial e, por aquel entón, había tantos deseñadores xeniais... Era un gran momento para estar involucrado coa moda”.

O conxunto de papeis pintados coas portadas das revistas que fixo Steven en 1993 serve de introdución da mostra. Son principalmente de Vogue Italia, cuxo editor Franca Sozzani lle deu a Steven carta branca para que “fixera o que quixera sempre e cando fose bonito”.

Para Steven os modelos son o corazón de todo “O modelo é superimportante. Maiormente, moi importante”. Steven foi, tal vez máis que ninguén, clave para a creación das supermodelos, polo que a mostra comeza cunha foto grupal das supermodelos realizada para American Vogue: unha imaxe de Niki, Nadja, Claudia, Naomi, Linda e Carla camiñando pola pasarela do estudio nunha ringleira coidadosamente coreografiada. Moitas delas beneficiáronse da súa determinación de elixir modelos novas e inusuais, chicas coas que a xente se resistiría a traballar porque non crían que foran suficientemente fermosas. Steven viu o que ninguén máis viu.

No centro da mostra hai unha procesión de máis de 100 retratos clásicos que son ao mesmo tempo clásicos, subversivos, enxeñosos e cálidos. Atópanse entre as fotografías de moda máis importantes xamais realizadas.

Xorden dun instante particular; un momento antes de que Steven comezara a traballar con grandes ideas, comentarios e conceptos. “Era un momento no que realmente podía concentrarme no que estaba a facer e na xente coa que me gustaba traballar...”.

A Fundación Marta Ortega Pérez (MOP)

A Fundación MOP defínese por medio das tres paixóns que a guían: A Coruña, a fotografía e a moda.

A capacidade única da fotografía para traspasar as fronteiras do idioma, a xeografía e a cultura a as súas interaccións sinxelas, moitas veces máxicas, con outras disciplinas a converten na gran forma de arte unificadora da nosa era. E como tal, é fundamental para o traballo da Fundación MOP.

A través do seu programa de mostras, a Fundación ofrécelle ao público un momento para descubrir o traballo de verdadeiros mestres da fotografía.

MEISEL⁹³